

Al objeto de que V.S. se digne informar de los méritos que concurren en el candidato presentado para Académico correspondiente de esta Real Corporación a favor de don José Luis Pensado Tomé, adjunta tengo el honor de remitirle propuesta suscrita por los Numerarios don Fermín Bouza Brey, don Francisco Vales Villamarín y don Manuel Banet Fontenla.

Cumpleme manifestárselo así, conforme al acuerdo adoptado por esta Academia en sesión ordinaria celebrada por la misma con fecha 17 del corriente.

Dios guarde a V.S. muchos años.

La Coruña, 23 de diciembre de 1961.

EL SECRETARIO,

A los Sres. Académicos de Número don Jesús Ferrero Couselo, don Joaquín Lorenzo Fernández y don Vicente Risco.



REAL ACADEMIA GALEGA

A L A R E A L A C A D E M I A G A L L E G A

Los Académicos Numerarios que suscriben, tienen el honor de proponer como Miembro Correspondiente de la misma a don JOSE LUIS PENSADO TOMÉ, ilustre investigador, catedrático de Filología Románica en la Facultad de Letras de la Universidad de Oviedo, el cual, además de haber nacido y de haber estudiado en Galicia, es una personalidad relevante en el campo filológico por sus estudios relativos precisamente a la lengua gallega, siendo en la actualidad uno de los mas brillantes y documentados estudiosos del idioma galaico-portugués, como demuestra la relacion adjunta de sus publicaciones, por lo cual creemos que puede prestar a la Academia importantes servicios en su especialidad.

En cumplimiento de los arts. 7º. 8º. y concordantes de los Estatutos sociales, acompañamos relacion de méritos y respondemos del asentimiento del interesado caso de ser nombrado.

Santiago para La Coruña a 31 de Julio de 1961

[Signature]

[Signature]

[Signature]



REAL ACADEMIA GALEGA

CURRICULUM VITAE

del
Doctor D. JOSE LUIS PENSADO TOMÉ.

- Nació en Negreira el 6 de Marzo de 1924
- Cursó los estudios comunes de Filosofía y Letras en la Universidad de Santiago.
- Licenciado en Filología Románica por la Universidad de Madrid.
- Premio extraordinario en la Licenciatura.
- Doctor en Filología Románica por la Univ. de Madrid.
- Premio extraordinario en el Doctorado por su tesis sobre el Libro dos Miragres de Santiago.
- Catedrático de Filología de la Universidad de Oviedo por oposición.

PUBLICACIONES SOBRE LINGÜISTICA GALLEGA

- 1- "Os Miragres de Santiago". Tesis doctoral publicada por el Consejo Superior de Inv. Científicas. Madrid.
- 2.- "Fray Martin Sarmiento: sus ideas lingüísticas", (Oviedo, 133 pgs. 4º.) 1960.
- 3.- "Aspectos lingüísticos de la Compostela medieval", in VOX ROMANICA, (Berna, 1961)
- 4.- "Un germanismo olvidado: Gallego "ESCA", medida para granos" in "Homenaje a Dámaso Alonso", II, Madrid, 1961.
- 5.- Estudios de lexicografía gallego-astur, in "Archivum", rev. de la Univ. de Oviedo.
- 6.- "Un Vocabulario gallego del siglo XIX" in Homenaje a Otero Pedrayo. Vigo, 1958.
- 7.- Version gallega del "Tristan" en publicacion en los "Cuadernos de Estudios Gallegos" del Inst. P. Sarmiento. Santiago.
- 8.- "Leyendas compostelanas en el medievo bracarense". En publicacion en las Actas del Congreso de Braga.
- 9.- "Estudio de las palabras gallegas recogidas por el P. Sarmiento, en publicacion en los "Cuadernos", del Inst. P. Sarmiento de Est; Gallegos
10. Gramática Histórica Gallega, de próxima public. en la Editorial Gredos



REAL ACADEMIA GALEGA

,2 de abril de 1962.

Señor don Xesús Ferro Couselo.
Ourense.-

Benquerido e admirado amigo:

Con data 30 do derradeiro diciembre mandóuse, pra que informárades tí, Xocas e don Vicente, a proposta de membro Correspondente da nosa Academia a favor de don Xosé Luis Pensado Tomé, presentada na sesión do 17 do mesmb mes.

Hastra agora non tivemos noticia do devandito informe nin da proposta, e como corre presa pra presentar ambos documentos na sesión que axiña celebrará a Academia, prégoche fagas o favor de interesarte no envío d'aquiles instrumentos.

Graciñas e manda o teu amigo e admirador moi devoto

Xohan Naya Pérez.

,9 de abril do 1962.

Señor don Xesús Ferro Couselo.
Ourense.

Benquerido e admirado amigo:

Supoño no teu poder unha carta miña data 2 d'iste mes, relacionada coa proposta de Correspondente da nosa Academia a favor de don Xosé Luis Pensado. Agardo as túas notizas.

Agora escriboche de novo pra pedirche un favor. Trátase de comprar con un bó amigo portugués que me pide solicite de vos un exemplar do Boletín de Orense correspondente a xaneiro-xunio do 1945. ¿Pódesmo remitir axiña? Dme o paso o que importa.

E nada máis pol-o de agora. Apertas fondas do teu sempre amigo e admirador moi devoto

= X. N. P. =



REAL ACADEMIA GALEGA

,17 de mayo de 1962.

Señor don Jesús Lorenzo Fernández.
Orense. -

Mi querido amigo:

Con fecha 30 de didiciembre último se mandó para que fuese informada por usted, Ferro Couselo y don Vicente, la propuesta de Correspondiente de nuestra Academia a favor de don José Luis Pensado Tomé, presentada en la sesión de 17 del mismo mes.

Como dicho informe no fuese enviado, escribí por dos veces, el 2 de abril y el 9 del mismo mes, a Ferro Couselo, rogándole lo remitiese con la urgencia posible. No he tenido hasta ahora contestación, y me supongo que o está enfermo o ausente, pues de otro modo no se explica su silencio.

Por tanto le he de agradecer me dé alguna noticia a este respecto para expresarla a la Junta de Gobierno que la solicita.

¿Puede usted, al mismo tiempo, enviarme un ejemplar del Boletín de la Comisión de Monumentos correspondiente a enero-junio de 1945, que me pide un buen amigo portugués? Desde luego envíeme nota de su importe.

Con saludos muy afectuosos de los señores de la Junta de Gobierno vayan con los de su siempre affmo. amigo que le abraza

REAL ACADEMIA GALEGA J. N. P. =



INFORME A LA REAL ACADEMIA GALLEGA

Los que subscriben, Académicos de Número, designados por la Junta para informar sobre la propuesta presentada a favor de D. JOSE LUIS PENSADO TOME para ACADEMICO CORRESPONDIENTE, tienen el honor de manifestar al respecto:

Que D. JOSE LUIS PENSADO TOME, además de sus títulos académicos y profesionales, que abonan su indudable formación en la Filología Románica, nos ha dado con su magistral estudio sobre "Os Miragres de Santiago", que le ha servido de tesis doctoral y ha sido recientemente publicada por el Consejo Superior de Investigaciones Científicas, una prueba de su excepcional preparación para estos estudios y una excelente muestra de su entusiasta entrega al estudio filológico del Idioma Gallego, que hoy en día creemos de nadie puede esperar tanto como del Sr. Pensado Tomé.

Por todo ello los Académicos que subscriben, en su calidad de ponentes, tienen el honor de informar la conveniencia de aceptar dicha propuesta a favor del Dr. Pensado Tomé, a la vez que expresan el alto honor que para la Academia significará contarle entre sus miembros.

Orense, 17 de mayo de 1962.

D. Verdaseg

Florencio

Vicente M. Jurco



REAL ACADEMIA GALEGA

Á REAL ACADEMIA GALEGA

Os académicos de número que suscriben teñen a honra de propór para ACADEMICO DE HONOR da Corporación ó ilustre galego Don Xosé Luís Pensado Tomé, catedrático de Filoloxía Románica e Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Salamanca.

O doutor Pensado Tomé é membro de varias corporacións nacionais e extranxeiras, e participou en numerosos congresos e simposios. Dirixiu tamén varias teses doutorais de tema galego.

A lexicografía e etimoloxía galegas débenlle estudos moi documentados, xa indispensábeis. O seu rigor neste eido acretouno na publicación de varios traballos especializados. Na súa bibliografía lingüística hai un capítulo esencial: O relativo aos estudos que realizou sobre a obra do P. Sarmiento.

Merecente de suliñar é a adicación que o doutor Pensado Tomé amostrou no estudio e investigación das voces e frases galegas.

Sobrancean, asimesmo, as incursións deste erudito na lingua medieval, reflexadas na edición e análise crítico de importantes textos.

O doutor Pensado Tomé ven colaborando tamén, moi activamente, na prensa galega con artigos nos que abundan observacións lingüísticas de marcado interés.

Na Coruña, a doce de novembro do mil novecentos oitenta e seis

ndest

E. Tau *A. Meijide*



REAL ACADEMIA GALEGA

Rosé Filgueira Valverde

Arxobispo Malvar, 49-1.

Telefone 85 21 40

36002 Pontevedra

Bemvindo Naya:

Envíame a proposta
e fíxoo le pensado. A de
Santos Juniors ten un
estor sobre "curriculum"
tembrado e lido
e un forte apete le



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL ACADEMIA GALLEGA
DECLARADA OFICIAL
POR REAL DECRETO DE 25 DE AGOSTO DE 1906
LA CORUÑA

Cumprindo acordo adoptado ma sesión ordinaria celebrada últimamente por esta Academia, comprázome en remitirle, adxunta, para que se digne informar verbo dos méritos do interesado, proposta de Académico de Honor a favor de don Xosé Luis Pensado Tomé, presentada polos numerarios don Antonio Meijide Pardo, don Francisco Fernández del Riego e don Uxío Torre Enciso.

A Coruña, 20 de novembro do 1986.

O SECRETARIO,



SRES. D. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, DON RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ E DON CONSTANTIJO GARCÍA GONZÁLEZ.



REAL ACADEMIA GALEGA

Antonio Fraguas Fraguas

CATEDRÁTICO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Montero Ríos, 36 - 4.º A

Teléfono 56 24 71

Santiago 23-3-87

Lucindo Dóneza: Alí vai ise informe
me, que non sei se saleva, en tódas as
firmas e que fixo Xoras.

Unha aperta

Antonio Fraguas



REAL ACADEMIA GALEGA

A Academia:

O académico que suscribe hónrase a dar cumprimento ó encargo de informa-la proposta de elección do Dr. Xosé Luis Pensado Tomé como Membro de Honor da nosa Corporación. E ten a ledicia de facelo en favor do nomeamento, en virtude dos seus moitos méritos e da xurdia aportación que pode representa-la sua presenza nas nosas laborías.

O Dr. Pensado, que naceu en Negreira no ano 1924, é hoxe un dos meirandes prestixios da Filoloxía Galega. Curso os seus estudos en Compostela e Madrid, acadando no 1948 o premio extraordinario no Doctourado. O seu traballo é tan vizoso na cátedra coma na investigación. Ensinou nas Universidades de Oviedo, Austin (Texas), Madison (Wisconsin) e Salamanca, onde agora é numerario de Filoloxía Galaico-Portuguesa. No mester, tan importante, da dirección de teses ten no seu haber moitas, entre as que destacan algunhas de figuras señeras das nosas letras. Ten participado activamente en coloquios e congresos sobre a nosa lingua e os seus cultivadores, entre eles o de Tréveris. Débense valiosísimos estudos de lexicografía galega

.../...



REAL ACADEMIA GALEGA

.../...

e dos seus mellores cultivadores, dende o Bachiller Olea a Sobreira, Sarmiento -no que é un verdadeiro especialista con libros exemplares pola súa amplitude e rigor- e Rodríguez. Preparou edicións críticas tan necesarias como as dos "Miragres de Santiago" e o "Livro de Tristán" e comentou pormenores da fala medieval, tanto nas áreas do romance galego e portugués, senón na do leonés, o aragonés e mesmo da "langue d'oïl".

E, pois, o Dr. Pensado Tomé unha personalidade sobranceira, non somentes no terreo da súa especialidade, senón no afervorado servizo a Galicia nos eidos do cultivo do espírito, ben merecente, por elo, da honra e da testemuña de recoñecimento e gratitude que o nomeamento siñifica.

Nembargantes, a Academia disporá:

Pontevedra, 10 do marzal de 1987.

X. Filgueira Alvarez

Comparto totalmente o presente informe

Ramón Piñeiro

Compostela, 24-III-87

De acordo co este informe

Comban Infante

31.3.87



REAL ACADEMIA GALEGA

Salamanca 10 de Abril de 1987



UNIVERSIDAD DE SALAMANCA

FACULTAD DE FILOLOGIA

Departamento de Filología Románica

Excm^o Sr. Dn.

Domingo García Sabell
Presidente da
Real Academia Galega
A Coruña

Meu querido presidente:

Acabo de ler no xornal meu nomeamento de Académico de Honor. Agradézovos de todo corazón a honra que me dispensades, e rógoche que trasmitas a todos e a cada un dos membros da corporación miña mais afervoadada gratitude.

No fai falta que vos diga que estou a vosa disposición en todo canto meu saber e entender poida servos útil.

Recebe e fai chegar a todos os colegas unha forte e agradecida aperta de voso amigo

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Domingo García Sabell', with a horizontal line underneath.



REAL ACADEMIA GALEGA



O SECRETARIO
DA
REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA, 24 Abril, 1987

Ilmo.Sr.D.Xosé Luis Pensado Tomé
Catedrático
SALAMANCA.-

Querido Xosé Luis:

Teño a honra -e non é unha frase valdeira- de enviarche a credencial nomeándote Académico de Honor da nosa Corporación. Cando teñamos o diploma, cuberto con letra gótica -eso sí-, enviarémoscho tamén.

A votación foi unánime e, a ledicia de todos moi grande. A Academia contigo dentro será máis Academia. E a túa colaboración, inestimable para a nosa cultura.

E sen máis por hoxe, de Fernanda e miñas para Enriqueta e para tí, cinguidas apertas.

Marino Dónega Rozas.



REAL ACADEMIA GALEGA



UNIVERSIDAD DE SALAMANCA
FACULTAD DE FILOLOGIA

Departamento de Filología Románica

Salamanca 6 de Maio de 1987

Ilmo. Sr. D. Marino Dónega Rozas
Real Academia Galega
A CORUÑA.

Querido Marino:

Adxúntoche carta de recepción e aceptación da credencial de nomeamento de Académico de Honor.

Cando saíu no periódico a noticia escribinlle ó Presidente agradecéndolle o nomeamento co rogo de que vos fixese chegar a todos meu recoñecimento.

Agora reiterocho a ti porque sei moi ben que tua cooperación foi moi valiosa. Por suposto que podeades e podes contar como sempre con miña colaboración nos eidos da miña especialidade.

Son eu o que me sinto honrado co teu afecto e amizade. Saudos de Enriqueta e meus para Fernanda e unha forte e garimosa aperta para ti de



REAL ACADEMIA GALEGA



UNIVERSIDAD DE SALAMANCA
FACULTAD DE FILOLOGIA

Departamento de Filología Románica

Salamanca 6 de Maio de 1987

Ilm^o. Sr. D. Marino Dónega Rozas
Secretario da
REAL ACADEMIA GALEGA
A Coruña.

Meu querido amigo e compañeiro:

Acabo de receber a credencial do meu nomeamento de Académico de Honor; síntome moi ledo pola distinción outorgada e acéptoa encantado ca esperanza de poder servir, na medida de miñas forzas e dos meus saberes, ás intereses da Corporación.

Pola presente acuso recibo dela e desexo que fagas chegar todos os membros da Corporación meu sinxelo agradecemento e satisfacción pola honra que me conceden.

Recebe unha garimosa aperta de teu amigo e compañeiro



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL ACADEMIA GALEGA

(DECLARADA OFICIAL POR REAL DECRETO
DE 25 DE AGOSTO DO 1906)

A CORUÑA ,28 maio, 1987

O SECRETARIO

Ilmo.Sr.D.Xosé Luis Pensado Tomé
Catedrático
SALAMANCA.-

Querido Xosé Luis:

Son un nugallán. Está visto que o meu paradigma é San Ero de Armenteiro, trescentos anos embobado nun xardin escoitando o rechouchío dun paxaro. Pero vaíamos ó conto.

Recibín a túa carta de recepción e aceptación da credencial de nomeamento de Académico de Honor, que deixei incorporada ó teu expediente, xunto coa proposta deducida no seu día, co informe preceptivo, coa correspondencia cruzada, e mesmo cos retallos dos xornáis. E onte asinámo-lo Diploma, o presidente e máis eu, para enviarcho deseguido. Estará en camiño.

Insisto. Non tes nada que agradecer. Somos nós quen de estarmos recoñecidos á túa aceptación. E xa está.

Con todo, non desespero de verte de novo nas tuas terras de Negreira, manexando o coitelo, co bó xeito que lle das, tirando talladas dun xamón ben curado. Ou dun presunto, que diría un bó amigo noso.

E sen máis por hoxe, de Fernanda e miñas para Enriqueta e para ti, cinguidas e garimosas apaertas.

Marino Dónega Rozas.



REAL ACADEMIA GALEGA

Salamanca, 3 de Junio de 1987



UNIVERSIDAD DE SALAMANCA
FACULTAD DE FILOLOGIA

Departamento de Filología Románica

Excm^o Sr. Dn. Marino Dónega Rozas
Secretario Perpetuo da
Real Academia Galega
A Coruña.

Meu querido amigo:

Acabo de receber o tuto co meu nomeamento de Académico de Honor, aínda que non é pergameo de coiro apreciao como se fose de unha boa pelexa cabrúa.

Gostaría que tivese unhas capitales douradas, pra / para calmar miña sede capitalista, pero mellor é así, sinxela como compre ó cariño que sei que me tedes e que vos agradezo afervoadamente. Tamén gostaría de encadralo mais non podo porque non teño paredes na casa.

De nugallán non tes nada, e a respecto se San Ero, como son un pouco encreu, sospeito que é santo padroeiro dos eróticos, e non lle teño moita fée.

Polo que me queda de cristían vello podes contar ca miña faca, na casa dos Viloutas, a beira dos Camafeitas, en Aguapesada, sempre disposta a dar conta de un bo xamón ou un presunto, como a presuntuosidade lusitana, diría o noso amigo, lle nomea.

Afeizoadas lembranzas de Enriqueta e miñas a Fernanda y fortes e garimosas apertas de este honorario sen honorarios que sempre te estima



REAL ACADEMIA GALEGA